



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E CONTEMPORÁNEA - ASOCIACIÓN DE GALERÍAS DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE GALICIA - PARA A PRODUCCIÓN, COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN DAS GALERÍAS ASOCIADAS E DA PROPIA ASOCIACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar con Contemporánea, Asociación de Galerías de Arte Contemporánea de Galicia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Contemporánea, Asociación de Galerías de Arte Contemporánea de Galicia para a produción, comunicación e difusión da programación das galerías asociadas e da propia asociación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representan estas exposicións na cultura de Galicia, e a Asociación de Galerías de Arte Contemporánea de Galicia, que aglutina a maior parte das Galerías de Arte Galegas.

Por todo o anterior é a Asociación de Galerías de Arte Contemporánea de Galicia a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

